

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA curso 2019-20

Cada premio estará dotado con 750 €

Requisitos: Ter obtido na ESO unha nota media igual ou superior a 9

O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 19 de agosto de 2020.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Será imprescindible cubrir previamente os datos na aplicación que se atopa no enderezo <https://www.edu.xunta.es/premiosedu>

Aínda non está fixada a data para realización da proba.

A proba estruturarase en dúas partes:

- a) A primeira parte constará de diversas cuestións referidas ás seguintes materias de 4º curso: Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, e Primeira Lingua Estranxeira.
- b) Na segunda parte o alumnado dará resposta a diversas cuestións teóricas e/ou prácticas, de tres materias do currículo de 4º curso:
 - Xeografía e Historia.
 - Unha materia xeral do bloque de materias troncais cursada polo alumnado: Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas ou Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.
 - Unha materia a escoller de entre as materias de opción do bloque de materias troncais cursada polo alumnado: Bioloxía e Xeoloxía, Economía, Física e Química, Latín, Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional, Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial, ou Tecnoloxía

Toda a información no [DOG do 24 de xullo de 2020](#)

Calquera dúbida pode resolverse por correo electrónico: premios@edu.xunta.gal ou no teléfono de información 012